



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complexo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Aos membros da Asemblea da FGPeC

Pola presente convócase Asemblea Xeral Ordinaria para o sábado día 05 de decembro 2020, ás 15,30 horas en primeira convocatoria e ás 16,00 horas en segunda. Esta asemblea desenvolverase por videoconferencia no enlace que se achega neste correo.

ORDE DO DÍA:

- 1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
- 2.- Presentación da situación económica da FGPeC a 30/11/2020.
- 3.- Presentación e aprobación, se procede, do orzamento 2021.
- 4.- Presentación e aprobación, se procede, do calendario 2021.
- 5.- Proxectos e actividades fóra do calendario oficial 2021.
- 6.- Varios.
- 7.- Rogos e preguntas.

Achégase documentación/información relativa aos puntos 1, 3, 4 e 5.

Para o punto 2 informarase na asemblea do saldo en conta á data sinalada.

En relación ao punto 6 achégase información relativa ás propostas da Xunta Directiva.

Calquera membro da Asemblea que queira incluír propostas en Varios ou facer algunha observación/puntualización noutros puntos, ou intervir en Rogos e Preguntas, debe comunicalo a este correo electrónico por escrito. O motivo é a necesidade de preparar un guión e ordenar as intervencións a fin de non ter unha videoconferencia caótica na que non nos entendamos. Neste senso, a fin de ter unha videoconferencia áxil e dinámica, é imprescindible que cando non esteamos no uso da palabra manteñamos o micro do noso equipo pechado.

Sinalar que polas experiencias vividas, unha videoconferencia que dure máis aló dunha hora ou hora e media, faise moi pesada de levar. Por esta razón, os que así o desexen terán a oportunidade de expresarse, pero debemos tentar ser o máis concretos posible.

Esperando vernos ese día, achégolles os meus mellores saúdos.

Vimianzo a 18 de novembro de 2020

Manolo Mouzo
Presidente

PD: O motivo de convocar este acto en primeira e segunda convocatoria é por imperativo legal. A sesión iniciarase ás 16,00 horas. Poderase acceder á videoconferencia por medio do enlace a partir das 15,30 horas.